

# MANIPULACIÓN MANUAL DE CARGAS

28 DE OUTUBRO  
12 A 15H  
AULA 1.7

**JOSÉ MANUEL REY AGUIÑO**  
CONSERVADOR RESTAURADOR DE  
BENS CULTURAIS



ESCOLA • SUPERIOR  
DE • CONSERVACION  
E • RESTAURACION  
DE • BENS • CULTURAIS  
DE • GALICIA

30 • ANOS



# JOSÉ MANUEL REY AGUIÑO

---

## CURRICULUM VITAE

José Manuel Rey Aguiño é graduado en Conservación e Restauración de Bens Culturais pola ESCRBCG na especialidade de escultura; técnico de nivel superior en Prevención de Riscos Laborais nas especialidades de Seguridade no traballo, Hixiene industrial e, Ergonomía e Psicosocioloxía; coordinador en materia de Seguridade e Saúde en obras de construción e administrador único da sociedade mercantil ESTEO Técnica na conservación e restauración SLU, con máis de 20 anos de traxectoria no ámbito do patrimonio cultural sendo director técnico do Obradoiro Artesán de Carpintería e de Restauración, inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía. Tamén forma parte da Asociación Profesional CRG da conservación e restauración de bens culturais de Galicia.

Ven desenvolvendo a súa actividade profesional no ámbito privado en intervencións de conservación e restauración de patrimonio cultural dende o ano 1996 e participou en actuacións singulares como a recente apertura dos sarteiros da igrexa do convento de Santo Domingo de Tui no contexto do Estudio osteolóxico y genético de la familia Sotomayor na procura das orixes de Cristóbal Colón ou na recuperación e conservación da Virxe denominada “do Sar” atopada na canle do río homónimo ó seu paso por Conxo, en Santiago de Compostela.

Gran parte da súa actividade profesional desenvolveuse en retablos, artesoados, forxados... con actuacións de arranxo estrutural, desmontes parciais e totais, labores de ancoraxe, apeo de pezas, nivelación de baseamentos, elevación e descenso de estruturas e retablos sen desmonte para adecuación ao marco arquitectónico. Son habituais na súa práctica laboral a recuperación, traslado e desmonte de cruceiros e elementos singulares de decoración escultórica da arquitectura e o apeo e colocación de imaxes para a posibilitar o traslado temporal a exposicións